

MOCIÓN PARA A CONTINUIDADE DO PASEO LITERARIO EXISTENTE NA ALAMEDA

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


Durante o pasado mandato púxose en marcha unha iniciativa cultural para dar a coñecer ás grandes figuras da literatura que inmortalizaron nas súas obras a cidade e o Camiño de Santiago. Con ese fin, editouse un libro titulado "Compostela, mil años de literatura", de Jesús Curros, que inclúe citas e textos de grandes autores da literatura universal sobre a nosa cidade e levouse a cabo a instalación na Alameda – entre outros puntos simbólicos da cidade- de varias placas de cantería de grandes dimensións, realizadas en colaboración coa Fundación Laboral da Construción, nas que se gravaron textos de recoñecidos autores que conteñen referencias explícitas a Santiago de Compostela e a súa historia.

A idea era facer que o patrimonio inmaterial que é a literatura se materializara neste espazo para que a veciñanza e as persoas que nos visitan sexan partícipes da importancia de Santiago na historia cultural europea.

Deste xeito, concibiuse un proxecto dividido en dúas partes. Por un lado, o popularmente coñecido como Paseo dos Leóns serviría para dar a coñecer a figura e a obra de autores españois e do resto do mundo; e o Paseo das Letras Galegas – na parte central dos Xardíns da Ferradura- albergaría mostras da literatura galega relacionadas coa capital de Galicia.

Nunha primeira fase instaláronse tres textos no Paseo dos Leóns, da autoría de Dante Alighieri, Federico García Lorca e Ramón del Valle Inclán, este último situado enfronte da súa estatua de bronce instalada anos atrás nun banco do paseo. Pola súa parte, ao pé da estatua erguida en lembranza de Rosalía de Castro situouse un texto da poetisa sobre o Pórtico da Gloria.

Tendo en conta o interese divulgativo e didáctico que podería ter a continuación desta iniciativa, tanto no relativo a difundir a pegada de Santiago na obra de autores consagrados da literatura galega e mundial, como na posibilidade de ir incorporando novas estatuas –primando a obra de escultores locais ou cando menos galegos- que reforzasen o coñecemento e recoñecemento dos distintos autores, por parte do Grupo Municipal Popular formúlase a adopción do seguinte



ACORDO

Que por parte do correspondente órgano do Concello se tome en consideración a continuidade do proxecto de ampliación do Paseo Literario da Alameda dando cabida a novos textos e novos autores que, gozando de recoñecemento universal, teñan reflectido na súa obra unha visión propia e orixinal da cidade de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2018

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'María Ángeles Antón Vilasánchez', written over a horizontal line.

María Ángeles Antón Vilasánchez
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela